

CONVENIO MARCO DE COLABORACIÓN ENTRE O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE, E O LABORATORIO LUNDBECK ESPAÑA, S.A. PARA O DESENVOLVEMENTO DE ACTIVIDADES DE PROMOCIÓN DA SAÚDE MENTAL

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A xerente do Servizo Galego de Saúde, **DECLARA:**

Que o Servizo Galego de Saúde asinou o 03.11.2022 o convenio arriba referido co Laboratorio Lundbeck España, S.A.

A vixencia do convenio asinado vai desde o día seguinte ao da súa sinatura ata o 31 de decembro 2024, podendo ser prorrogado por anos naturais por acordo expreso das partes, manifestado con anterioridade á data da súa finalización, de conformidade co disposto na letra h) do artigo 49 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

Que o instrumento convencional ten por obxecto definir o ámbito das relacións de colaboración entre as partes asinantes, para levar a cabo accións de promoción da saúde mental e formación orientadas á mellora da atención sanitaria, a darlle máis capacidade e poder ao paciente e ao incremento do coñecemento nesta materia, a través da promoción de actividades de sensibilización cidadá e promoción da saúde, investigación, formación, innovación ou a realización de estudos e intercambio de coñecemento científico e técnico.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o convenio fundaméntase no seguinte:

A Consellería de Sanidade, a través do Servizo Galego de Saúde, ten como un dos seus obxectivos a prevención e a atención sanitaria. A súa finalidade é impulsar, planificar, coordinar e avaliar as actuacións levadas a termo para mellorar o proceso de atención e, isto, coa implicación de todos os axentes do sistema de saúde e do sistema social, co fin de establecer un marco de actuación integral.

Por unha banda, o Servizo Galego de Saúde promove, a través da Subdirección Xeral de Planificación e Programación Asistencial, a atención integral e continuada da poboación onde a problemática asociada aos trastornos mentais faise evidente, por iso son fundamentais actividades encamiñadas a mellorar a sensibilización, investigación e formación global como medidas transversais e mellorar a asistencia sociosanitaria a pacientes con trastorno mental como medida final.

O Plan de Saude Mental de Galicia posCOVID19 inclúe actividades concretas, relacionadas coa loita contra o estigma e coa formación continuada tanto de profesionais como de pacientes e familiares; así como o fomento da investigación na nosa comunidade. Este convenio facilitará o desenvolvemento dalgunhas destas actividades.

Doutra banda Lundbeck ten por obxecto social e finalidade a investigación, o desenvolvemento, a fabricación e comercialización de medicamentos. Un dos seus obxectivos de innovación e investigación é traballar para a calidade de vida e o benestar físico e emocional dos pacientes que sofren enfermidades. Neste sentido a súa vontade é ofrecer produtos e servizos que axuden a mellorar a súa calidade de vida, e colaborar na mellora da calidade asistencial. En consecuencia, pode adoptar e desenvolver actividades de investigación, formativas e de atención ao paciente con trastorno mental crónico, contando coa colaboración e apoio científico, técnico e institucional dos xestores de servizos sanitarios.

A entidade Lundbeck quere aliñarse cos obxectivos expresados anteriormente, e implicarse como axente colaborador nas actuacións dirixidas a mellorar a asistencia sanitaria prestada desde o servizo galego de saúde, e a favorecer o coñecemento nesta materia por parte dos profesionais sanitarios e da cidadanía xeral.

Os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non podían satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estimouse xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria, en Santiago,

